



A APDR INVITA, O MARTES 25.10.11 ÁS 20H NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA, Á EXHIBICIÓN DO DOCUMENTAL “FULL SIGNAL” (COBERTURA TOTAL), A CARA OCULTA DA TELEFONÍA MÓBIL, PRESENTADO POR MINERVA PALOMAR.

O vindeiro martes 25.10.2011 ás 20:00 h no Teatro Principal de Pontevedra, a APDR va a exhibir por primeira vez en Galiza o documental “Full signal” (cobertura total), a cara oculta da telefonía móbil. Na súa presentación contará con Minerva Palomar, primeira persoa a nivel estatal cun recoñecemento xudicial dunha incapacidade permanente e absoluta por hipersensibilidade electromagnética e ambiental.

Este acto enmárcase dentro do debate social na liña das “Propostas municipais para prever a contaminación electromagnética” da APDR, presentadas o derradeiro mes de abril chamando a cumprir o **principio de cautela** actualmente demandado por Resolucións do Consello de Europa, o Parlamento Europeo e a Axencia Europea de Medio Ambiente.

Sobre o documental Full signal (Cobertura total):

Documental dirixido polo palestino-estadounidense Talal Jabari que dende 2008 acadou numerosos galardóns en festivais internacionais de cine. Filmada en dez países e seis estados de EUA, Full Signal (Cobertura Total) examina a contradición entre a saúde e as finanzas, unha das moitas ironías da loita para regular a colocación das estacións base de telefonía móbil.

Full Signal (Cobertura Total) conversa con científicos de todo o mundo que estudan os efectos sanitarios relacionados coa tecnoloxía inalámbrica, cos activistas que loitan para regular a colocación de antenas, con avogados e lexisladores que representan a aqueles que buscan unha mellor regulación das antenas.

Sobre Minerva Palomar:

No pasado mes de maio un xulgado de Madrid (o Xulgado do Social número 24) declarou, nunha pioneira sentenza, a incapacidade permanente e absoluta de Minerva Palomar, unha traballadora da Facultade de Económicas da Universidade Complutense de Madrid, que padece hipersensibilidade electromagnética e ambiental por exposición ás ondas emitidas pola telefonía móbil e redes sen fíos como o Wifi. A resolución ditada polo xuíz Juan Manuel Carrillo Sanz, recoñece que “a clínica probada é de entidade suficiente” e recoñece o seu dereito a recibir unha pensión equivalente ao cento por cento da base reguladora do seu soldo.

Abrir o debate:

Dende a APDR seguimos apostando por iniciar un proceso participativo de elaboración dunha **ordenanza municipal** garantista de infraestruturas que creen Contaminación Electromagnética, regulando o seu caótico despregamento atendendo á **protección das zonas habitadas con límites de seguridade máis estritos aos estatais** (potestade municipal recoñecida polo Tribunal Supremo), garantindo o **control municipal das emisións** con medicións en tempo real, con información pública e participación cidadá.

Ver [cartaz](#), Ver [ficha técnica de Full Signal](#), Ver [reseña de prensa de Minerva Palomar](#), Ver [Resolución do Consello de Europa 27.05.11](#), Ver [Propostas municipais da APDR](#)